

A literatura bravú está en marcha

Editada por Xerais e dirixida por Cid Cabido, ven de safr a rúa unha nova colección denominada "Ferros", inclasificable en canto a xénero, dado que pretende crear un novo espazo plural onde teñan cabida todas as formas de creación baseadas na palabra. Pero cunhas características comúns perfectamente delimitadas, como son a brevidade dos seus textos, un prezo único e económico, e un formato pequeno de 11 por 18 cm., deseñado con mestría por Mantecón, combinando elegancia e austeridade.

Comeza a súa andaina con pés lixeiros e destemiados, esgotándose en moi pouco tempo un dos catro títulos iniciais da colección: *Costa da Morte blues* de Manuel Rivas, sorprendendo deste xeito as espectativas editoriais que presumiblemente dirixían a colección cara un público moito máis restrinxido.

Os nerviosos elegantes de A. Vila, *¿Serán os cisnes que volven?* de A. Pexegueiro, e *Contornos* de Xavier Queipo son os outros tres títulos cos que se nos presenta este novo proxecto exitoso, que conso-

lida o seu espazo dentro da Literatura Galega, compatibilizando á perfección as tendencias vangardistas coas tradicionais.

Deixando á marxe a importancia das redes comerciais, o éxito de determinadas coleccións ás veces radica na orixinalidade e o atrevemento formal dos autores, así como dunha certa ruptura cos patróns rutinarios e cotiáns por parte dos responsables editoriais. "Ferros", vai ser quen de xubilar anticipadamente a algúns escritores que no seu día foron "enfants terribles" da Nosa Literatura, pola insolencia e desenfado dos seus textos, exentos de retórica pero pragados de novidade e frescura, como é o caso de *A tralla e a arrouxada* de Xurxo Souto, sempre conta ó mundo, dende o seu reducto sacrílego e bravú en Monte-Alto, "suscándolle" caña ó prehitórico establishment pangalaico, e que dende agora conta ademais cos "ferros" afiadados da palabra nesta segunda e nova entrega da colección, que ve a luz xunto a *Fridom Spik* de Santiago Jaureguizar en *En malos pasos* de Camilo Franco.

Tres títulos novidosos de tres elementos constitutivos pola súa idade, temática e outras características comúns dunha nova xeración que se deu en chamar bravú. E que teñen ó igual que Omar Khayyan como tesouro: o viño; como palacio: a taberna; e como compañeiros: a sede e a borracheira; ademais do fútbol, a ironía, o CD Rom, unha sensación de impotencia, a dialéctica de taberna, a tralla e as tetas da veciña.

A tribu está inqueda, os tambores non deixan de soar. Pero se hai guerra que nos pille mañá pola mañá cunha cervexa na man.

Cid Cabido consegue un produto sumamente atractivo, que conxuga o enxeño e a demencia de maneira ecuánime e harmónica, facendo real aquel frase de Aristóteles que decía: "Millum magnum ingenium sine quaedam dementiae" (Non existe un grande enxeño sen algo de tolemia).

Os alierces están ben asentados nestes setes títulos de material moi dúctil, maleable e tenaz, de color gris audaz.